

Guntín, 19 de enero de 2.023.- La Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0165

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o día 7-12-2022, aprobou inicialmente os “ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO G DE PARADA”. De conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 302 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento do seu desenvolvemento, sométese a información pública polo PRAZO DUN MES, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda da Muralla nº 197), e presentarse as alegacións que se estimen pertinentes. Significase que os propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais na devandita Unidade de Intervención poderán, por idéntico termo, adherirse e incorporarse a el e, con iso, á futura Xunta de Compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido a este Concello, xuntando ao devandito escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcela/s.

Lugo, 16 de decembro de 2022.- A ALCALDESA, P.D. O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, (Decreto número 2973/2021) Álvaro Santos Ramos.

R. 0151

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PROCEDIMENTO URXENTE DE SELECCIÓN DUN/DUNHA EDUCADOR/A SOCIAL VINCULADO/A Ó “PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL CO COLECTIVO DE ETNIA XITANA

Por decreto da Alcaldía de data 19.01.2023 aprobáronse as bases do proceso selectivo indicado.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 18 de xaneiro de 2023.- A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Rodríguez P.D. Decreto de 24-01-2022.

R. 0166

Anuncio

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA OPERARIO/A ADSCRITO/A AO SERVIZO DE CULTURA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, Ó 100% DA XORNADA, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO DE RELEVO CON VINCULACIÓN Á XUBILACIÓN PARCIAL DE DON F.J.R.C.

En Xunta de Goberno Local de data 09/01/2023 aprobáronse as bases do proceso selectivo indicado.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.